

GLOSARIO MICOLÓXICO

por
M.L. CASTRO*

CASTRO, M.L. 2017. Glosario micolóxico. *Mykes* 20: 85-107.

Resumo

Catálogo alfabetizado de 460 palabras relacionadas coa micoloxía, realizadas en base a descrições sinxelas ao alcance de calquera afeccionado.

Palabras clave: glosario, micoloxía, galego.

CASTRO, M.L. 2017. Mycological glossary. *Mykes* 20: 85-107.

Summary

A catalogue of 460 words related to mycology in alphabetical order based on simple descriptions available to any amateur.

Keywords: glossary, mycology, Galician.

INTRODUCCIÓN

Desde que se publicou a primeira guía de cogomelos de Galicia, en galego (CASTRO & FREIRE, 1982) moitas condicionantes mudaron, tanto na micoloxía como na normativa lingüística. Naquel momento había persoas que discutían a veracidade da clasificación en cinco reinos proposta por WHITTAKER (1969), modificado posteriormente por MARGULIS & SCHWARTZ (1985) e hoxe acéptanse sete (RUGGIERO *et al.*, 2015a, 2015b) e os fungos están dispersos polos reinos *Chromista* (oomicetos), *Protozoa* (mixomicetos) e *Fungi* (eumicetos). En palabras de Luis Freire, «ciencia é crear, non crer», o que se acaba de indicar é unha pequena proba.

Na lingua galega, rara vez escrita a nivel científico ata ben entrado o século XX e sen normativizar ata a creación das autonomías, ocorreu

*Facultade de Bioloxía, Campus Lagoas-Marcosende. E-36310-Vigo; e-mail:
lcastro@uvigo.es

algo semellante. No ano 1982 a palabra «cogomelo» non era recoñecida como galega, para poder incluíla no título da guía citada houbo que demostrar ao editor, mediante investigación lingüística exhaustiva realizada polo profesor Freire, a súa lexitimidade e as innumerables variables existentes nas linguas romances, entre as que salientaban «gurumelo» no sur de España ou «cogumelo» no portugués para que fora aceptada. De feito, aparece no título como «cogumelo», só anos máis tarde as institucións defensoras e supervisoras do galego pasárona ao actual cogomelo. O mesmo foi ocorrendo con outros moitos vocablos científicos non usados habitualmente no galego falado, por iso xorde a necesidade de elaborar un glosario micolóxico para os micólogos galegos.

METODOLOXÍA

O conxunto dos vocablos presentados aquí son produto da recompilación realizada ao longo de máis de 35 anos de docencia e divulgación científica en micoloxía usando diariamente o galego nas clases, cursos, conferencias, obradoiros, etc.

Para a súa elaboración foron consultados, ao longo destes anos, os dicionarios de lingua galega das diferentes editoriais, o da Real Academia Galega, a opinión persoal de traballadores do Instituto da Lingua Galega e, recentemente, da Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

Non se recollen exclusivamente termos micolóxicos, tamén figuran outros relacionados, máis ou menos directamente, coa micoloxía, por exemplo, planifolias ou especies invasoras.

GLOSARIO MICOLÓXICO

µm: unidade de medida, usada en microscopía, equivalente a 0,001 mm.

adnado (adnato): himenóforo que está en contacto co estipe.

aerobio: organismo que se desenvolve en presenza de osíxeno.

agaricoide: frutificación con forma de paraugas (estipe, píleo e láminas).

alantoide: espora cos lados curvados e paralelos entre si.

- alga:** denominación antiga para organismos uni ou pluricelulares, autótrofos (con clorofila), normalmente acuáticos e sen verdadeiros tecidos desenvolvidos. Pertence ao reino *Chromista*.
- alóctona:** dise da especie que, procedente doutro lugar, é introducida nunha determinada zona. Pode ser introducida por si mesma ou porque o foi a planta á cual se asocia.
- alvéolo:** pequena cavidade ou cela.
- ameba:** protozoo que carece de parece celular e cambia facilmente de forma.
- ameboide:** forma de ameba.
- amidón:** macromolécula composta dos polisacáridos amilosa e amilopectina $(C_6H_{10}O_5)_n$. É o glícido de reserva enerxética das plantas, raro nos fungos.
- amigdaliforme:** espóra cun dos lados recto ou menos convexo ca o outro.
- amiloide:** que adquire coloracións azul - violáceas en presenza do reactivo de Melzer.
- anaerobio:** que pode desenvolverse en ausencia de osíxeno.
- anastomosado:** himenio con conexións irregulares e transversais entre as láminas, como se estivese tabicado.
- anel:** restos do veo parcial ou do xeral, co aspecto dunha membrana adherida ao estipe. Se é dobre pode ter restos do veo parcial e do xeral.
- anteridio:** estrutura encargada da produción dos gametos masculinos (homólogos aos espermatozoides) nas plantas, nas algas e nos ascomicetos.
- antracobionte:** organismo que frutifica exclusivamente en zonas queimadas.
- antracófilo:** fungo que frutifica preferentemente en zonas queimadas.
- antracóxeno:** fungo que pode frutificar en zonas queimadas, pero non é exclusivo delas.
- anuria:** falta de chegada de urina á vexiga debido a un bloqueo do funcionamento dos riles.
- apendiculada:** marxe do píleo con restos de veo pendurados.
- ápice:** o extremo situado máis lonxe da base de calquera estrutura.
- apotecio:** corpo frutífero de ascomicetos en forma de copa, sésil ou con estipe, no cal o himenio está exposto ao exterior.
- aproveitamento sostible:** uso dun determinado recurso, de xeito que se asegure a súa permanencia ao longo do tempo.

arbusto: vexetal leñoso de pouca altura, sen un tronco preponderante, xa que se ramifica a partir da base.

areolado: con numerosas fendas ou depresións superficiais máis ou menos circulares (aro).

ascendente: anel que se curva cara arriba, ou lámina que non se une ao estipe nun píleo cónico, por exemplo, no xénero *Mycena*.

asco (a): estrutura reprodutora dos ascomicetos en forma de saco, que alberga no seu interior as esporas, en xeral 8, raro 4, 2 ou múltiplo de 8.

ascocarpo: véxase ascoma.

ascogamia: tipo particular de oogamia en ascomicetos. O núcleo dunha célula feminina, formado no ascogonio, pasa a través dunha canle ata o anteridio, onde entra en contacto cun núcleo masculino. A partir desta fusión, tras a meiose, fórmanse as ascosporas.

ascogonio: estrutura encargada de producir os gametos femininos (núcleos gaméticos) nos ascomicetos.

ascolique: tipo de lique no que o fungo é un ascomiceto.

ascoma: corpo frutífero portador de ascos.

ascomiceto: fungo que produce ascosporas. Pertence ao reino *Fungi*.

ascospora: espora de orixe sexual producida no interior dun asco.

aserrada: marxe, do píleo ou das láminas, en forma de dentes de serra. Dentada.

asimétrica: espora desigual con respecto a un eixe lonxitudinal.

atenuado: que se fai máis estreito nunha determinada dirección.

autóctona: dise da especie que é natural dunha determinada zona.

autoecoloxía: estudo das relacións dunha determinada especie cos compoñentes biolóxicos e fisicoquímicos do seu medio.

autótrofo: organismo que coa axuda da clorofila é capaz de sintetizar os seus propios nutrientes a partir de auga e de sales minerais, contraponse a heterótrofo.

baciliforme: espora con forma de bacilo (bacteria), valor de $Q > 3$, cilíndrica, redondeada nos extremos.

bagazo: restos dalgúns froitos, como a uva, logo de pisalos ou espremeos.

basidio: estrutura no interior da cal se forman basidiosporas.

basidiocarpo: véxase basidioma.

basidioliforme: célula morfoloxicamente similar a un basidio, pero sen esterigmas.

basidioma: frutificación ou corpo frutífero portador de basidios.

basidiolique: tipo de lique no que o fungo é un basidiomiceto.

basidiolo: basidio aínda non diferenciado.

basidiomiceto: fungo que produce basidiosporas. Pertencen ao reino *Fungi*.

basidiospora: espora de orixe sexual, orixinada nun basidio e proxectada ao exterior deste polos esterigmas.

basiónimo: primeiro nome válido outorgado a un determinado taxon.

biflaxelados: con dous flaxelos.

bifurcado: dividido en dous.

bilateral: trama das láminas na cal as hifas oriéntanse cara ao exterior a partir dunha liña central.

biodiversidade: variedade e valor da vida na terra dende os xenes, aos organismos e aos ecosistemas.

bionte: sufixo relativo a organismos vivos, por exemplo, micobionte.

biota: sufixo relativo ao conxunto de seres vivos dun determinado grupo, por exemplo, micobiota.

biotróficos: fungos que se alimentan establecendo unha simbiose con outros organismos.

biseriados: ascos nos cales as esporas están dispostas en dúas filas.

bispóricos: basidios con dous esterigmas e soamente producen dúas esporas.

boletol: substancia química dalgúns boletos, que en contacto co ar e na presenza dunha enzima (lacasa) oxida a cor azul intensa, por exemplo, *Neoboletus erythropus*.

brocha: tipo de células con numerosas e pequenas excrecencias.

bulbo: engrosamento na parte basal do estipe.

bulbo marxinado: bulbo moi ancho e coa marxe remarcada.

bulbo napiforme: bulbo alongado como se fora un nabo.

bulbo radicante: bulbo alongado como se fora unha raíz.

caducifolias: árbores que perden as follas todas xuntas durante unha época do ano, en xeral no outono.

calota: gran parche de veo, ou círculo máis duro e escuro, situado no centro do píleo.

campanulado: en forma de campá.

capilicio: masa de elementos estériles, en forma de fíos ou de tubos, propia dos gasteromicetos (tamén se usa para mixomicetos).

capitado: có ápice abruptamente redondeado, semellando unha cabeza.

carbófilo: que frutifica sobre carbón. Véxase antracobionte, antracófilo e antracóxeno.

cario: prefixo ou sufixo referido ao núcleo, por exemplo, dicariota (dous núcleos) ou cariogamia (fusión de núcleos).

cariogamia: fusión de dous núcleos celulares.

carminófilo: que se tinxe en presenza de carmín acético.

carne: forma popular de referirse á trama.

carpóforo: corpo frutífero de determinados fungos. Pode considerarse sinónimo de cogomelo.

cartilaxinoso: coa consistencia da cartilaxe.

catenulado: conxunto de elementos unidos como nunha cadea.

caulocistidio: cistidio situado na superficie do estipe.

cavernoso: interior do estipe con cavidades definidas.

cebrado: con bandas en zigzag.

celulosa: macromolécula de polisacáridos con fórmula $(C_6H_{10}O_5)_n$, onde $n > 200$, e hidrólizase (divídese) en glicosa (azucro). Forma parte da parede celular das plantas (reino *Plantae*), de numerosas algas e dos oomicetos (reino *Chromista*).

ceráceo: coa consistencia ou tacto de cera.

cespitoso: que frutifica en grandes grupos continuos como os céspedes.

chapeu: vocábulo informal para referirse ao píleo.

cianófilo: que se tinxe co reactivo azul de algodón.

cigoto: célula diploide ($2n$), resultante da fusión de dous gametos (n) encargada de dar orixe a un novo organismo.

cilíndrico: estipe con sección circular e co mesmo diámetro dende a base ata o ápice, por exemplo, esporas con Q entre 2 e 3 e cistidios con Q entre 2 e 4.

cilio: pequeno peliño que tapiza a superficie externa dalgúns carpóforos.

circuncisa: volva moi adherida á base do estipe coa marxe superior ás veces libre.

citriforme: con forma de limón.

clamidospora: espóra de resistencia de orixe asexual, que se forma por engrosamento das hifas e non nun basidio ou nun asco.

clase: categoría taxonómica que agrupa ordes semellantes. En micoloxía o nome dunha clase termina en *-mycetes*, por exemplo, *Agaricomycetes*.

claviforme: estipe coa parte inferior netamente ensanchada ou cistidio con forma de maza, que se ensancha cara ao ápice (Q entre 1,5 e 4).

clávula: carpóforo en forma de maza ou prego.

clorofila: pigmentos de cor verde, macromolécula asociada á fotosíntese; proceso que permite transformar auga e sales minerais en hidratos de carbono e CO₂ con axuda da enerxía solar (organismos autótrofos). Hai tipo a, b, c1, c2, d e f. As plantas e as algas verdes posúen o tipo b (C₅₅H₇₀O₆N₄Mg).

coevolución: conxunto de adaptacións evolutivas recíprocas entre dous organismos.

collarium (colar): anel situado ao redor do ápice do estipe, pero libre del, ao cal se unen as láminas.

columela: eixe central, formado por tecido estéril, do carpóforo dalgúns gasteromicetos.

congófilo: que se tinxe co reactivo vermello Congo.

cónico: que se estreita fortemente cara ao ápice, en forma de cono.

conidio: véxase conidiospora.

conidióforo: estrutura formadora de conidiosporas.

conidiospora: espora de orixe asexual, é dicir, non producida por fusión de gametos, nin por meiose.

coníferas: grupo de plantas vasculares caracterizadas por posuír conos ou piñas.

connado: dise do conxunto de exemplares que nacen cos estipes unidos pola base.

convexo: superficie curva coa parte máis prominente no centro.

coprófilo: que frutifica sobre excrementos animais. Véxase tamén fimícola.

coraloide: con múltiples ramificacións e excrecencias irregulares como un coral.

coriáceo: de consistencia similar ao coiro.

córnea: de consistencia moi dura, similar a un corno.

corolóxico: referido á distribución espacial dunha determinada especie.

cortícola: que vive sobre a casca das árbores.

cortina: veo en forma de tea de araña, que vai dende a marxe do píleo ata o estipe

crenulado: marxe con numerosos dentes redondeados.

crepidotoide: carpóforo de basidiomicetos caracterizado polo estipe lateral ou ausente como no xénero *Crepidotus*.

crisálida: véxase pupa.

crisocistidio: cistidio con contidos amorfos de cor amarela visibles en potasa.

- cutícula:** a capa máis externa do corpo frutífero (véxase pileipelis).
- cutis:** tipo de cutícula caracterizada na cal as hifas se dispoñen de xeito paralelo á superficie.
- decorrente:** lámina que chega ao estipe e descende por el.
- delicuescente:** que se licúa nunha especie de tinta.
- denticulado:** marxe provista de pequenos dentes máis ou menos agudos.
- dermatocistidio:** cistidio situado na superficie do píleo.
- descendente:** anel curvado cara abaixo.
- dextrinoide:** estrutura que se volve avermellada ou alaranxada en presenza do reactivo de Melzer.
- dicariótico:** célula con dous núcleos, en xeral cada un de sexo diferente (+/-) ou micelio con células binucleadas .
- dimítico:** estrutura composta por dous tipos de hifas, xenerativas e esqueléticas ou xenerativas e envolventes.
- diploide:** célula con dúas series completas de cromosomas (2n), en xeral procedente da fusión dos núcleos de dous gametos de diferente sexo.
- discomicetos:** grupo de ascomicetos coas frutificacións en forma de copa.
- división:** categoría taxonómica aplicada ás plantas. Véxase filo.
- ecosistema:** conxunto de seres vivos que comparten un espazo na natureza e se relacionan entre si durante os seus procesos vitais, en función dos factores físicos do mesmo ambiente.
- ectoendomicorrizas:** tipo especial de ectomicorrizas que penetran parcialmente no interior da raíz e forman estruturas especializadas para a súa reprodución, non producen cogomelos.
- ectomicorrizas:** tipo de micorrizas nas cales as hifas do fungo forman un manto ao redor da raíz, e non penetran no interior das células. En xeral, para se reproducir producen cogomelos.
- edáfico:** referido ao solo.
- edafoclimático:** referido simultaneamente ao solo e ao clima.
- elipsoide:** spora ou cistidio con Q entre 1,3 e 1,6.
- endemismo:** dise da especie que vive confinada a unha determinada zona e só nesa.
- endomicorrizas:** tipo de micorrizas nas cales as hifas do fungo penetran, e forman estruturas diferenciadas no interior das células radicais. En xeral, non producen cogomelos.

endoperidio: capa máis interna do peridio.

enteoxénico: fungo usado con fins alucinóxicos, nalgunhas culturas como parte integrante das súas cerimonias relixiosas.

envaiñado: anel que recobre boa parte da superficie inferior do estipe a modo de vaiña.

epixeio: frutificación que se forma sobre o substrato.

epitelio: tipo de cutícula constituída por elementos globosos ou elipsoides dispostos en varias capas.

escama: restos de filamentos cuticulares (estipe ou píleo), que poden ser facilmente separables da cutícula ou non. Termo inadecuadamente utilizado para referirse aos flocos, procedentes do veo.

esclerocio: pequeno corpo basal formado por hifas do micelio, moi compacto, máis ou menos duro, e que dá orixe ao basidiocarpo ou ao ascocarpo.

esclerófilo: aplícase aos vexetais de follas duras, coriáceas ou ás formacións vexetais compostas principalmente por estas especies.

escotada: lámina que se estreita netamente antes de unirse ao estipe (= sinuada).

escrobiculado: con pequenas depresións irregulares.

esferocisto: célula globosa, típica do veo xeral de algúns cogomelos (por exemplo, *Russula* ou *Lactarius*), que constitúe a carne ou a trama granulosa.

esferopedunculado: cunha cabeza globosa e unha longa prolongación.

espatuliforme: carpóforo ou estrutura elipsoide ou oblonga, que se estreita cara ao estipe.

especie: unidade básica da clasificación biolóxica, correspondente ao conxunto de organismos capaces de entrecruzarse e de producir individuos fértiles, pero non poden cruzarse con membros doutras especies. Véxase tamén autóctona, alóctona, espontánea, subespontánea e invasora.

espontánea: dise da especie que aparece de forma natural nunha determinada zona, sen interferencia humana.

espora: unidade de propagación capaz de dar orixe a un novo individuo; funciona como unha semente pero non contén embrión. A espora secundaria (ascomicetos) orixínase a partir das ascosporas e a espora gamética, funciona como gameto, por exemplo, basidiosporas e ascosporas.

esporada: depósito que se obtén deixando caer as esporas dun cogomelo sobre un papel ou unha cartolina.

esporanxio: estrutura na que se forman esporas.

esporociste: esporanxio unicelular.

esporonado: provisto dunha prolongación curva a modo de esporón.

esporoxénese: desenvolvemento das esporas.

esquarrosa: superficie cuberta de escamas rugosas e prominentes.

esterigma: proxección dos basidios que soportan as esporas antes da súa liberación.

estipe: estrutura que soporta o píleo. Pode ser central cando nace no centro do píleo ou lateral se o fai desprazado a un lado.

estipitipelis: capa máis externa do estipe.

estriado por transparencia: cutícula translúcida, que transparenta as liñas das láminas.

estrigoso: cuberto de pelos longos e grosos.

estroma: masa de hifas vexetativas na cal se orixinan os corpos frutíferos.

etnomicoloxía: estudo da relación dos pobos cos fungos.

eu-: verdadeiro.

eucariota: célula provista dunha membrana nuclear, que separa o material xenético, organizado en pares de cromosomas, do resto das estruturas celulares, é dicir, núcleo verdadeiro.

eumicetos: verdadeiros fungos caracterizados, entre outras cousas, pola parede celular composta por quitina ou β -glucanos.

evanescente: que desaparece ao cabo do tempo.

excéntrico: estipe con inserción lixeiramente lateral con respecto ao píleo.

excípulo: en ascomicetos é o tecido que soporta o himenio no interior dun apotecio ou que constitúe a parede dun peritecio.

excrecencia: prolongación irregular, normalmente situada nas paredes laterais ou no ápice dunha estrutura

exoperidio: capa máis externa do peridio.

exsiccata: mostra vexetal ou fúnxica deshidratada, identificada e etiquetada, testemuño dunha recolección e identificación; deposítanse en herbarios ou en micotecas.

familia: categoría taxonómica que agrupa xéneros semellantes. O nome acaba en *-aceae*.

faseoliforme: cun dos lados cóncavo e non paralelo ao outro, en forma de faba.

fenólico: de cheiro similar ao fenol.

fértil: provisto de estruturas reprodutoras de orixe sexual (basidios

ou ascos).

festonado: ondulado.

fibriloso: cuberto de fibríñas.

fíbula: pequeno bucle que se forma nos septos dalgunhas hifas.

fico: referido ás algas.

ficobionte: organismo algal que forma parte dos liques.

ficoflora: conxunto de especies de algas dunha determinada zona.

ficomicetos: conxunto de organismos tradicionalmente estudados na micoloxía, pero, en realidade, non pertencen ao reino *Fungi*, senón ao *Protozoa* ou ao *Chromista*. Caracterízanse, entre outras cousas, pola parede celular composta de celulosa, non de quitina ou β -glucanos.

filiforme: en forma de fío, moi longo e estreito.

filo: categoría taxonómica que agrupa clases semellantes, sinónimo de división e *phylum*. Plural filos (= *phylla*). En micoloxía a terminación dun filo é en –mycota, por exemplo, *Basidiomycota*.

filoxenia: historia evolutiva dun grupo de organismos ao longo do tempo.

fimbriado: con pequenas proxeccións regulares similares a peliños.

fimícola: que frutifica sobre esterco.

fistuloso: interior do estipe totalmente oco (véxase cavernoso).

fitorexión: extensión, en xeral de gran tamaño, caracterizada por un tipo de vexetación similar.

flabeliforme: en forma de abanico.

flexuoso: de contorno irregular, sinuoso.

floco: resto de veo xeral no píleo, en xeral, sepárase con facilidade. Semellantes ás felepas de neve.

flocoso: cuberto de flocos.

flora: conxunto de especies de plantas (mofos ou briófitas, fentos e plantas con flores) dunha determinada zona.

flota: frutificación constituída por numerosos carpóforos que nacen moi preto uns de outros.

folícola: que vive sobre follas, xa sexa vivas ou caídas.

forma: rango taxonómico inferior á variedade, con caracteres diferenciadores puntuais, non permanentes, por exemplo, o albinismo. Non se considera unha verdadeira categoría taxonómica.

forma de resistencia: estrutura especializada en permitir a supervivencia dun organismo baixo condicións adversas para o seu desenvolvemento.

foro: sufixo que significa produtor de, por exemplo, conidióforo.

fragmobasidio: basidio tabicado internamente, pode ser lonxitudinal ou transversalmente.

fráxil: que rompe con facilidade.

friable: que se esmigalla con facilidade entre os dedos. Véxase fráxil.

fungo: organismo uni ou pluricelular, con paredes celulares engrosadas, nutrición heterótrofa (sen clorofila), con glicóxeno como substancia de reserva e que se alimenta absorbendo os nutrientes despois dunha dixestión externa da materia orgánica, máis raro por fagocitose. Conforman o reino *Fungi*.

fusiforme: con forma de fuso, que se estreita cara aos dous extremos. Esporas ou cistidios con Q entre 2 e 4.

gallado: ramificado, con gallos.

gametanxio: estrutura na que se producen gametos.

gameto: célula haploide (n) que ten como función unirse a outro gameto para orixinar un cigoto.

gametociste: gametanxio unicelular.

gamia: proceso de fusión de dous gametos, fecundación.

gasteroide: carpóforo do tipo gasteromicetos, coa superficie fértil case totalmente protexida no interior.

gasteromicetos: grupo de basidiomicetos caracterizado por posuír superficie fértil (himenio) interna, que se denomina gleba.

glabro: sen pelos.

glaseado: zona con aspecto superficial de xeo ou vidro partido.

gleba: tecido produtor de esporas (fértil) dos gasteromicetos e dos ascomicetos hipoxeos.

globoso: esférico. Esporas ou cistidios con Q entre 1 e 1,05.

glicóxeno: polisacárido de reserva enerxética en animais e fungos, formado por cadeas ramificadas de glicosa ($C_{24}H_{42}O_{21}$), insoluble na auga.

glute: substancia xelatinosa que cobre a superficie dalgúns carpóforos.

glutinoso: provisto de glute o polo menos de tacto viscoso, mocososo.

gregario: que medra en grupo.

gútula: pequena gotiña, normalmente oleosa, que se atopa no interior das esporas.

hábitat: lugar da natureza onde medra un fungo.

haploide: célula con unha serie completa de cromosomas (n).

helotiais: grupo de ascomicetos con frutificacións de pequeno tamaño,

en forma de copa ou disco a miúdo de cores moi vistosas.

hemisférico: con forma de media esfera.

hemolisina: substancia que provoca a destrución da parede dos glóbulos vermellos.

hemolítica: carpóforo ou substancia que destrúe as paredes dos glóbulos vermellos.

hepatotóxico: fungo que contén substancias que destrúen as células do fígado.

heterótrofa: uso de compostos orgánicos externos como fonte de enerxía, organismo sen clorofila.

hialino: transparente e translúcido.

hifa: cada un dos filamentos microscópicos que **conforman o corpo do fungo e do cogomelo.**

hifas xenerativas: hifas con paredes delgadas.

hifas esqueléticas: hifas con paredes grosas.

hifas envolventes: hifas con paredes grosas e ramificadas.

hifas laticíferas: hifas que conteñen látex no interior, por exemplo as dos fungos do xénero *Lactarius*.

higrófono: superficie que, embebida en auga, adquire un aspecto translúcido ou muda de cor.

higrométrico: fungo que cambia o seu aspecto segundo o contido en auga.

himenio: superficie fértil do carpóforo, contén as estruturas reprodutoras.

himenoderme: tipo de cutícula formada por elementos terminais situados todos no mesmo nivel.

himenóforo: parte do corpo frutífero formadora e portadora da superficie fértil do cogomelo (himenio).

himenomicetos: grupo de basidiomicetos co himenio externo na madurez.

hipoxeo: frutificación que se forma no interior do substrato, en xeral aromática.

hirsuto: con pelos, máis ou menos longos, duros e erectos.

holobasidio: basidio non tabicado.

holobionte: organismo vivo formado por varios individuos, pero que funciona como se fora un, por exemplo, un lique.

hospedador: organismo sobre o que se desenvolve un parasito ou que serve de base para establecer unha relación micorrízica co fungo.

humícola: fungo que vive no humus, capa orgánica do solo.

imbricado: basidiocarpo disposto un sobre outro, coma as tellas nun tellado.

infraespecífico: categoría taxonómica por debaixo do rango de especie.

infundibuliforme: con forma de funil.

innado: con fibríñas por debaixo da cutícula, internas, pero visibles.

invasora: especie procedente doutro lugar, que ao ser introducida nunha determinada zona é capaz de reproducirse por si mesma e de competir coas especies autóctonas eliminándoas ou diminuindo as súas poboacións.

involuta: píleo coa marxe enrolada.

irpicoide: superficie formada por dentes ou aguillóns.

ixo: prefixo que se engade a diversos tipos de cutícula para indicar a presenza dunha matriz xelatinosa.

lacerado: con aspecto fendido ou esfañado.

lacinia: ramificación do fungo, longa, aplanada e con forma irregular. Tamén se usa para referirse a cinta.

lacrimoide: con forma de bágua.

lamélula: pequena lámina que parte do bordo do píleo sen chegar ao estipe.

lámina: estrutura que semellante á folla dun libro, situada na parte inferior do píleo e que leva as estruturas reprodutoras. Pode ser adnada, decorrente, escotada ou libre (véxanse estes vocábulos).

lanoso: semella estar cuberto de la. Con pequenos peliños curtos e suaves.

larva: fase do ciclo de vida dun insecto, previo ao estado adulto e ao de crisálida ou pupa, como ocorre nas bolboretas.

látex: líquido que flúe ao crebar o tecido dalgúns fungos, semellante ao leite, aínda que pode presentar cores diferentes (branca, amarela, alaranxada,...). Pode oxidarse en contacto co ar, pasar de translúcido a cor branca ou de branca a amarela, etc.

laxeniforme: cistidio caracterizado por unha parte apical moito máis estreita que a parte media e forma de botella estreita na base.

lecitiforme: con base ancha que se estreita bruscamente e có ápice capitado.

leptocistidio: cistidio coas parades lisas e delgadas.

libre: lámina que non está soldada ao estipe.

lignícola: fungo que vive sobre madeira, tanto viva como en descomposición.

lignina: macromolécula de polisacáridos que se asocia á celulosa na parede celular de certos vexetais para darlles rixidez, impermeabilidade e resistencia ao ataque de certos microorganismos.

liquenobiota: conxunto de especies de liques dunha zona determinada. Sinónimo do anacronismo liquenoflora, usado cando se consideraba cos fungos eran vexetais.

lique: organismo vivo (holobionte) formado pola asociación permanente de un ou varios fungos con unha ou varias algas.

listaxes vermellas: inventario de especies onde se analiza o seu estado de conservación e no cal aparecen as especies que son raras ou están ameazadas de extinción.

lóculo: pequena cavidade ou espazo.

macroalga: alga observable a simple vista.

macromicetos: nome popular dado aos fungos con corpos frutíferos macroscópicos (cogomelos).

mamelón: avultamento a modo de tetiño, que se forma no centro do píleo dalgúns fungos. Se é moi pequeno chámase papila.

mazudo: con forma de maza.

meiose: proceso de división celular polo que a partir dun cigoto ou dunha célula nai diploide (2n), en xeral formada a partir de dous gametos haploides (n), se obteñen catro células fillas haploides (n), as tetrasporas.

membranoso: estrutura delgada, carente de carne e consistencia flexible (branda).

metacromática: estrutura que na presenza dun reactivo muda de cor, véxase congófilo, amiloide, cianófilo e carminófilo.

metuloide: cistidio con paredes engrosadas, a miúdo con incrustacións cristalinas no extremo.

micáceo: pequenos puntos brillantes que lle dan aspecto semellante á mica.

micelio: masa de hifas que forman o fungo. Considérase micelio primario ao producido tras a maduración directa das esporas (un núcleo/célula, monocariótico); e secundario, ao formado tras a fusión de dúas hifas compatibles do micelio primario, mantendo os dous núcleos (o do pai e o da nai, dicariótico).

micetación: brote dos carpóforos ou corpos frutíferos dos fungos dunha zona.

micete/o: sufixo relativo aos fungos.

micetismo: intoxicación ou envelenamento causado pola inxestión de fungos.

micobionte: organismo fúnxico dun lique.

micobiota: conxunto das especies fúnxicas dunha área concreta.

micofaxia: uso dos fungos como alimento.

micófago/a: individuo ou pobo ao que lle gusta comer cogomelos.

micófilo/a: individuo ou pobo ao que lle gustan os fungos, tanto para consumir e estudar coma para decorar.

micoflora: equivalente a micobiota, foi usado cando se consideraba cos fungos eran vexetais.

micófobo/a: individuo ou pobo que ten medo ou rexeita irracionalmente os fungos.

micólogo/a: investigador/a en micoloxía, individuo que estuda os fungos, pode ser profesional ou afeccionado.

micoloxía: ciencia que se ocupa do estudo dos fungos.

micoparasito: parasito dun fungo.

micorriza: asociación simbiote de certos fungos coas raíces das plantas. Pode ser ectomicorriza, endomicorriza ou ectoendomicorriza (véxanse estes vocábulos).

micorrizóxeno: cogomelo ou planta con capacidade de formar micorrizas.

micose: enfermidade causada por fungos.

micocioloxía: ciencia que trata o estudo das comunidades de fungos

micoteca: lugar onde se gardan *exsiccata* de fungos, ou cultivos vivos, debidamente etiquetados e ordenados taxonomicamente. Corresponden aos «herbarios de fungos».

micotopo: zona coas condicións ambientais adecuadas para que se desenvolvan os fungos.

micra: micrómetro.

microalga: alga que só pode ser observada individualmente a través do microscopio, por exemplo, ás que forman parte dos liques.

micrómetro: pequena lente de cristal integrada no ocular do microscopio e provista dunha regra para medir as estruturas. A unidade de medida son os micrómetros (μm), comunmente denominadas micras.

micromiceto: fungo que non produce corpos frutíferos observables a simple vista.

mitose: proceso de división celular polo que a partir dunha se obteñen outras dúas idénticas.

mitriforme: con forma de mitra (chapeu) de bispo (base cadrada e ápice triangular).

mixomiceto: grupo taxonómico, tradicionalmente estudado polos micólogos e micólogas, incluído no reino *Protozoa*, con dúas fases no seu ciclo de vida, unha vexetativa, unicelular e plurinucleada, móbil, e outra reprodutora, fixa, con aspecto de pequeno cogomelo, por iso eran estudados na micoloxía clásica.

monocariótico: micelio que contén un só tipo de núcleo celular ou célula con un só núcleo.

monofilético: taxon ou grupo de taxons cunha orixe evolutiva común.

monomítico: sistema hifal composto por hifas dun só tipo (xenerativas).

monospecífico: xénero que comprende unha soa especie.

monospórico: basidio que forma unha soa espóra no seu interior e ten un só esterigma.

morfotipo: grupo de individuos, morfoloxicamente diferenciados por caracteres externos (fenotipo), dentro dunha especie.

mucronado: cistidio que remata nun mucrón, punta curta e aguda.

necrotrófico: fungo que vive a expensas doutro ser vivo e cáusalle dano ou mesmo a morte. Parasito.

nitrófilo: que medra en hábitats ricos en nitróxeno.

nodulosa: espóra con engrosamentos ou vultos, lisos e desiguais.

nomenclatura: disciplina encargada da asignación dun nome latino ás distintas unidades sistemáticas de seres vivos, rexida polo Código Internacional de Nomenclatura de Algas, Plantas e Fungos (última edición, 2012).

oblongo: espóra máis longa ca ancha (Q entre 1,6 e 2) ou cistidio con $Q > 1,6$.

octospórico: asco que contén oito esporas no seu interior.

oogamia: fusión de gametos (gamia), na cal un dos dous é máis pequeno e móbil (masculino) e o outro maior e fixo (feminino). Véxase ascogamia.

oomicetos: grupo taxonómico, tradicionalmente estudado polos micólogos, que forman oosporas biflaxeladas, micelio non tabicado e con celulosa na súa parede celular, actualmente incluído no reino *Chromista*, xunto coas algas.

opérculo: pequena tapadeira ou cuberta.

orde: categoría taxonómica que agrupa familias semellantes. En micoloxía unha orde acaba en -ales, por exemplo, *Agaricales*.

organoléptico: carácter que podemos percibir a través dos nosos sentidos, como cor, sabor, cheiro ou tacto.

ovoide: espora ou cistidio en forma de ovo, cun extremo máis estreito ca outro.

paleomicoloxía: estudo dos fósiles fúnxicos.

papila: mamelón pequeno.

paracapilicio: capilicio característico de *Lycoperdales* (peidos de lobo) e mixomicetos, formado por hifas de paredes delgadas, hialinas e tabicadas ou septadas.

parafiso: estrutura estéril presente no himenio, propia dos ascomicetos.

parasito: véxase necrotrófico.

pedicelo: extremidade delgada que presentan algunhas esporas.

pé: vocábulo informal para referirse ao estipe.

pelis: pel, cutícula, a do píleo chámase pileipelis e no estipe, estípitipelis.

péndulo: que colga.

perennifolias: árbores sempreverdes, que conservan as follas durante todo o ano, por exemplo, os sobreiros.

peridio: membrana ou parede que envolve a gleba de gasteromicetos e de ascomicetos hipoxeos.

peridiolo: estrutura esférica ou aplanada (aspecto de ovo), coa parede dura e cerosa que rodea a gleba. Actúa como unidade de propagación nos *Nidulariales* e atópanse varios xuntos no interior doutra estrutura en forma de niño de paxaro.

perisporio: envoltura que rodea a parede das esporas.

peristoma: zona que rodea o orificio de saída das esporas, especialmente en gasteromicetos.

peritecio: corpo frutífero de ascomicetos, en forma de botella, cerrado e cun poro na parte superior.

persistente: evidente, incluso na madurez.

pH: indicador da acidez. Un terreo con pH de 7 é neutro, menor valor é ácido e maior, básico.

phyllum: véxase filo. Plural *phylla*.

pileipelis: capa celular máis externa do píleo.

píleo: chapeu ou sombreiro.

píleocistidio: cistidio situado na cutícula do píleo ou pileipelis.

piloso: con pelo curto e fino, suave ou non.

pirenomicetos: grupo de ascomicetos caracterizados por posuír peritecios.

piriforme: con forma de pera.

pirófilo: que ten apetencia polo lume ou polos terreos queimados.

Véxase carbófilo.

planifolias: árbores caducifolias ou perennifolias que teñen follas anchas, planas, por exemplo, carballos e eucaliptos.

planta vascular: planta cun sistema interno de vasos condutores para transportar o alimento, comprende os fentos e as plantas con flores.

plasmogamia: fusión do citoplasma de dúas células sexualmente compatibles, non implica a fusión dos núcleos.

pleurocistidio: cistidio situado nos laterais (cara) das láminas.

pluricelular: con numerosas células.

policariótico: con varios núcleos.

polifilético: taxon que evolucionou a partir de distintos taxons ancestrais, contraponse a monofilético.

poro xerminativo: pequena abertura na parede dunha espóra por onde saen as hifas para xerar o novo micelio.

potasa: hidróxido de potasio (KOH).

procariota: células que non teñen o núcleo definido por unha membrana, sen núcleo verdadeiro.

protozoo: organismo con núcleo, unicelular ou colonial, en xeral con alimentación heterótrofa, pertence ao reino *Protozoa*.

pruinoso: fariñento, cuberto de pruína, po moi fino e facilmente separable ao tocar.

pseudoriza: prolongación na base dun cogomelo a modo de raíz.

pubescente: cuberto de pelos moi finos e suaves.

punteado: cuberto de diminutas manchas ou puntiños.

pupa: fase do ciclo vital dalgúns insectos, intermedia entre larva e adulto.

Q: cociente longo/ancho dunha espóra ou de calquera outro elemento.

queilocistidio: cistidio situado na aresta das láminas, entre os basidios.

quitina: carbohidrato (N-acetil-D-glucosamina) constituínte das paredes celulares dos fungos, do esqueleto externo dalgúns artrópodos e certos órganos doutros animais.

radialmente: dispostos como os radios dunha bicicleta.

radicante: estrutura rematada na base por unha estrutura adelgazada, semellante a unha raíz.

raque: nervio central da fronde (folla) ou caule aéreo dalgúns fentos.

reniforme: con forma de ril.

resupinado: carpóforo plano, total ou parcialmente adherido ao substrato e co himenio na superficie exterior, por exemplo, o xénero *Peniophora*.

retículo: malla en forma de rede observable na superficie do estipe ou do píleo e na parede das esporas (microscopio).

rimuloso: marxe con pequenas gretas ou fendas.

ripisilva: bosque do bordo dun río, tamén chamado bosque de ribeira ou de galería.

rizoide: estrutura filiforme, uni ou pluricelular, homóloga á raíz, situada na base das briófitas.

rizomorfo: agrupación de hifas que forman cordóns miceliares, situados na base do estipe dalgúns cogomelos.

rostrado: provisto dunha proxección a modo de pico.

sacciforme: con forma de saco.

saprófito: véxase saprotrófico.

saprotrófico: fungo que se alimenta a expensas da materia orgánica morta, descompóndoa.

satinado: liso e brillante.

saxícola: que vive sobre pedras ou rochas.

secotioide: carpóforo con aspecto intermedio entre un agaricoide (himenio exposto) e un gasteromiceto (himenio interno).

semihipoxeo: cogomelo que medra medio enterrado.

sensu autores ou **sensu auct.:** na interpretación de diversos autores indeterminados.

sensu lato (s. lato): en sentido amplo.

sensu stricto (s.str.): concreto, no sentido dun autor(es) ou autora(s).

sentado: véxase sésil.

septado: que está tabicado, con septos.

septo: tabique.

seríceo: superficie cuberta de numerosas fribriñas, suave, como a seda.

sésil: sen estipe.

seta: termo científico para referirse a pelo ríxido e teso. En xeral presenta paredes engrosadas e cor escura ao microscopio.

siderófilo: con partículas negras ou púrpuras en presenza de acetocarmín e ións metálicos.

simbionte: cada un dos organismos integrantes dunha simbiose.

simbiose: relación entre dous seres vivos que se xuntan para obter un beneficio mutuo, en xeral cústalles vivir un sen o outro (holobiontes), por exemplo, o fenómeno que ocorre nos liques e nas micorrizas.

simétrico: que ten correspondencia na disposición das partes con respecto a un punto, eixe ou plano. Ten simetría.

sinónimo: nome usado para designar un taxon para o cal xa existe

outro nome correcto e adecuado ás normas do Código Internacional de Nomenclatura.

sinuada: véxase escotada.

sistemática: ciencia que permite a descrición dos taxons mediante o uso de caracteres sistemáticos ou descritivos. É a base da taxonomía.

somática: parte de un organismo non relacionada coa reprodución sexual.

somatogamia: tipo de plasmogamia, que se produce pola fusión de hifas, célula a célula, pertencentes a dous micelios sexualmente compatibles.

sombreiro: vocábulo informal para referirse ao píleo.

sotobosque: vexetación que medra baixo as copas das árbores dun bosque.

sub-: prefixo que denota que case ten determinada característica (adxectivo) ou que se sitúa debaixo (nome), por exemplo, subgloboso para indicar que é case esférico ou globoso.

suberoso: con forma ou aspecto de cortiza.

subespecie: rango taxonómico inferior á especie, rara vez utilizado en fungos.

subespontánea: especie introducida nunha determinada zona, en xeral con interferencia humana, e que é capaz de reproducirse por si mesma. Poden converterse en invasoras se son capaces de ocupar o nicho ecolóxico e desprazar ás especies autóctonas.

sucado: con sucos ou riscas intercalando cotos e vales.

taxon: rango ou categoría da escala taxonómica, por exemplo, especie, xénero, familia, orde, clase, filo. Plural taxons ou taxa.

taxonomía: ciencia que permite organizar os seres vivos en taxons ou categorías mediante o uso de caracteres descritivos diferenciadores ou diagnóstico, é dicir, que trata das clasificacións dos seres vivos e das normas que as rexen para formar as escalas taxonómicas. Conxunto de normas que rexen para formar a escala taxonómica.

tétrade: conxunto de catro esporas, en xeral proceden dunha meiose.

tipificación: designación dun tipo.

tipo: *exsiccata* usada para tipificar un taxon, de acordo coas normas do Código Internacional de Nomenclatura. Normalmente é unha colección deshidratada, que caracteriza un determinado taxon.

tomentoso: cuberto de pelos espesos e a miúdo ramificados.

trama: hifas que conforman os tecidos dun carpóforo.

tricoderme: tipo de cutícula formada por hifas erectas, tabicadas, orixinadas a distintos niveis.

trimítico: sistema de hifas composto por tres tipos de hifas: esqueléticas, xenerativas e envolventes.

trófico: relativo á nutrición.

truncado: terminación abrupta, cortada, trapezoide.

tuberáceos: grupo de ascomicetos con carpóforos hipoxeos (por exemplo, as trufas).

umbilicado: píleo cunha pequena depresión ou embigo.

uniseriado: asco cunha soa fila de esporas.

urcitiforme: cistidio en forma de botella (laxeniforme) coa parte apical moi estreita e recuberta de incrustacións cristalinas.

utriforme: cistidio co ápice e a base máis anchas ca parte media.

variedade: rango taxonómico inferior á subespecie, con caracteres diferenciadores permanentes nas poboacións.

veludado: con pequenos e finos peliños, aspecto de veludo.

venoso: con veas.

veo: membrana que recobre o primordio do corpo frutífero.

veo xeral: recobre o primordio totalmente. Cando o cogomelo medra e se rompe pode dar lugar á volva e aos flocos.

veo parcial: recobre só a parte fértil do primordio. Cando o cogomelo medra da lugar ao anel ou á cortina.

verrucosa: cutícula ou espóra con pequenas verrugas.

vexetación: conxunto de comunidades vexetais constituídas por especies ecoloxicamente relacionadas entre si.

vexetativa: parte de un organismo non relacionada coa reprodución sexual.

virguliforme: forma de como ou vírgula.

viscoso: cuberto dunha especie de mucosidade, graxo e pegañento ao tacto.

volva: estrutura en forma de bolsa ou saco, máis ou menos adherida á base do estipe, procedente do veo xeral. Non se debe confundir con bulbo.

xantofíceas: grupo de microalgas con xantofila, pigmento amarelo, no interior (algas amarelas).

xénero: categoría taxonómica que agrupa especies con características semellantes.

xilófago: que come madeira.

zignematácea: alga clorófita (verde), filamentosa.

zigomicetos: grupo de fungos caracterizados por formar zigosporas, por exemplo, o balor negro do pan. Pertencen ao reino *Fungi*.

zigospora: espora de orixe sexual, con paredes engrosadas (inactiva) e que cando se activa sofre meiose no interior dun esporanxio.

zigosporanxio: célula formada no extremo dunha hifa, na que se forman as zigosporas activas.

zigosporanxióforo: estrutura formadora de zigosporanxios.

zonada: estrutura na cal se poden apreciar bandas concéntricas de distinta tonalidade ou cor.

AGRADECEMENTOS

Ao Servizo de Normalización Lingüística (ANL) da Universidade de Vigo e a Lorena Pérez-Torrón pola revisión realizada e a Gabriel Pérez-Torrón e José Rodríguez-Vázquez, como sempre, polos seus acertados comentarios.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

CASTRO, M.& FREIRE, L. 1982. *Guía das setas ou cogumelos de Galicia*.Vigo. Edicións Xerais de Galicia.

WHITTAKER, R.H. 1969. New Concepts of Kingdoms of Organisms. *Science*, 163: 150-160.

MARGULIS, L. & SCHWARTZ, K. 1985. *Cinco reinos. Guía ilustrada de los phylla de la vida en la Tierra*. Barcelona. Editorial Labor.

RUGGIERO, M.A., GORDON, D.P., ORRELL, T.M., BAILLY, N., BOURGOIN, T., BRUSCA, R.C., CAVALIER-SMITH, T., GUIRY, M.D. & KIRK, P.M. 2015a. A higher level classification of all living organisms. *PLoS ONE* 10(4): e011924.

RUGGIERO, M.A., GORDON, D.P., ORRELL, T.M., BAILLY, N., BOURGOIN, T., BRUSCA, R.C., CAVALIER-SMITH, T., GUIRY, M.D. & KIRK, P.M. 2015b. Correction:A higher level classification of all living organisms. *PLoS ONE* 10(6): e0130114.